



CÓDIGO ÉTICO

1. Definición

O Código Ético é o documento que recolle os valores que inspiran a nosa cooperativa no desenvolvemento da súa misión e as pautas de comportamento que seguimos para a consecución dos seus obxectivos.

2. Ámbito de aplicación

O Código Ético debe inspirar o comportamento de todas as persoas da nosa organización (socias e socios, Consello Reitor, Xerencia, Equipo Técnico e grupos locais) e das nosas principais aliadas no desenvolvemento do noso negocio.

3. Valores e pautas de conducta

Som Energia propúxose construír un modelo 100 % renovábel, equitativo, distribuído e eficiente, en mans da cidadanía, promovido desde a participación e a transparencia. Ademais, quere ser unha ferramenta activa da transición de modelo enerxético, con capacidade de xerar impacto social e económico.

Para conseguir o seu obxectivo, opera sobre os seguintes **valores**:

- 1) **SUSTENTABILIDADE** ambiental, mais tamén social e económica. A nosa produción eléctrica provén de fontes renovábeis e a nosa enerxía comercializada está certificada como 100 % renovábel, mais aspiramos tamén a trasladar a mensaxe da necesaria minimización tanto do uso como da produción enerxética.
- 2) **COOPERATIVISMO**. Entendemos o noso xeito de operar desde a autoxestión, a responsabilidade, a democracia, a igualdade e a solidariedade, polo que xestionamos a nosa organización de xeito democrático entre todos os socios e socias, que contan con igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, e teñen unha participación activa na toma de decisións.
- 3) **EQUIDADE**. Avogamos por un modelo social próximo, humano, que non deixe ninguén fóra, que sexa xusto con todas as persoas. Un modelo que, ademais, ofrezca ás persoas, independentemente do seu xénero, identidade sexual, idade, raza, cor, nacionalidade, clase social, idioma ou relixión, as mesmas oportunidades, o mesmo respecto, o mesmo tratamento, garantindo os seus dereitos, as mesmas oportunidades de traballo e promoción, a accesibilidade á educación e o uso dos bens e servizos da comunidade que garanta un tratamento equitativo de realidades diversas.
- 4) **FORMACIÓN**. A complexidade do sector en que operamos e a da nosa natureza cooperativa obríganos a asegurar unha formación continua ás persoas que forman parte de Som



Energía, que asegure que contan coas habilidades necesarias para cumprir coas súas responsabilidades, para opinar e decidir, e para actuar de maneira eficaz.

Do mesmo xeito, Som Energía entende que, para conseguir o seu obxectivo, as **persoas integrantes da organización** e os **aliados no desenvolvemento do noso negocio** debemos adoptar as seguintes **pautas de conducta**:

- 1) **CONFIANZA.** Cremos nunha forma de traballo próxima, fluída e baseada na confianza entre equipos e persoas (xa sexa entre o Equipo Técnico e o Consello Reitor, entre o Equipo Técnico e os grupos locais e, en xeral, entre áreas e entre todas as persoas que forman Som Energía). Este xeito de traballar permite que cada persoa desenvolva o seu traballo na confianza de estar sempre a seguir as directrices da base social e as liñas estratéxicas despregadas polo Consello Reitor, que supervisa e controla o Equipo Técnico.
- 2) **PARTICIPACIÓN.** Queremos persoas informadas, formadas e que decidan sobre o desenvolvemento do modelo enerxético. Agardamos unha participación real de todas as persoas socias da cooperativa, que facilite e nutra a nosa actividade, a proxecte e permita aproveitar o potencial da nosa base social para poder ter un maior impacto no cambio de modelo enerxético que propugnamos.
- 3) **RESPECTO.** Somos unha comunidade diversa que compartimos proxecto e espazos, e facémolo sobre a base do respecto mutuo entre todas as persoas que confluímos en Som Energía, é dicir, do tratamento considerado e tolerante que permite unhas relacións e interaccións harmoniosas, en beneficio de todas as persoas e do noso proxecto común. Non toleramos ningún tipo de discriminación, nin ningunha forma de acoso, en particular o sexual, e agardamos da nosa comunidade unha resposta firme ante estas conductas, se se observasen algunha vez.
- 4) **CONTRA A CORRUPCIÓN, TOLERANCIA CERO E INTEGRIDADE.** Temos o convencemento de que podemos conseguir os nosos obxectivos con total honestidade, integridade, transparencia e cumprimento das normas. E agardamos esta mesma convicción das nosas aliadas (entidades colaboradoras, socias de negocio, empresas provedoras, etc.). Non toleramos conductas, negocios, relacións comerciais nin a obtención de beneficios que consistan en ou se obteñan mediante subornos, extorsións, pagamentos de facilitación, petición ou ofrecemento de favores e/ou calquera outra forma de corrupción. Fieis aos nosos valores, buscamos sempre negocios lícitos e que se xestionen de xeito irreprochable.



4. Obrigas das persoas socias, conselleiras, xerentes, empregadas e colaboradoras

No exercicio das súas responsabilidades, tarefas, traballos e na súa actuación en nome de e/ou para Som Energia, a nosa base societaria, membros do Consello Reitor, equipo de xerencia, cadro de persoal e persoas colaboradoras, obríganse a:

- 1) Coñecer os valores do Código Ético e adoptalos.
- 2) Adecuar as súas pautas de comportamento a este Código Ético, as normativas que o desenvolvan e as leis que lle poidan afectar.
- 3) Non tolerar comportamentos que incumpran o Código Ético, as normativas que o desenvolvan ou as leis que lle afecten.
- 4) Consultar en caso de calquera dúbida sobre o alcance do Código Ético e as normativas que o desenvolvan, ou sobre calquera conduta que observen e poida contravir tanto o Código Ético como as normativas ou as leis.
- 5) Alertar e/ou denunciar comportamentos que incumpran este Código Ético.

As consultas, dúbidas, suxestións e denuncias deberán [dirixirse á Canle Ética de Som Energia](#).

5. Consecuencias do incumprimento

O incumprimento deste Código Ético considérase moi grave en Som Energia e comportará as consecuencias previstas nas nosas políticas internas, tanto laborais como de relación coas entidades provedoras e persoas aliadas.

6. Desenvolvemento, difusión, revisión

Este Código Ético completárase e desenvolverase coas políticas e procedementos que aseguren a implantación destes valores nos procesos clave de Som Energia.

A súa difusión realizarase, desde a Xerencia e coa colaboración das áreas Laboral, Comunicación e Coordinación de Grupos Locais, e aquelas que se consideren necesarias, a todas as persoas interesadas.

Será obxecto de revisións periódicas para actualizalo, se procede.

7. Aprobación e modificacións

Este Código Ético foi aprobado polo Consello Reitor de Som Energia na súa reunión de data de **25 de abril de 2020**. [Nesta noticia do blog](#) podes ler a carta de presentación.